

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/05/2024 10:07:02

SAIDA

9880/24

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1.
36202 Vigo (Pontevedra)

Expediente RSCTG 93/2024

Asunto: Recurso potestativo para a obtención de información pública

Con data do 29 de Maio de 2024, tivo entrada no rexistro da Valedora do Pobo un escrito de reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia presentado por D. Fernando González Abeijón contra a desestimación da súa solicitude presentada na súa condición de concelleiro, de acceso ante el Concello de Vigo, ao expediente de licitación da xestión do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES), ás reclamacións, escritos, incidencias ou comunicacións de calquera outra índole que se recibiran non concello durante a vixencia do contrato, relativas a queixas sobre o funcionamento do servizo, actas de inspección, requirimentos e contestacións.

De conformidade co disposto no artigo 7. m) do Regulamento interno, aprobado o 14 de xuño de 2016 (DOG nº 134 de 15 de xullo de 2016), e vista a documentación, remítole xunto a este escrito copia da documentación presentada. Prégolle que, tal e como prevé a lexislación vixente¹, remita **informe** a esta Institución sobre a reclamación presentada, e achegue o **expediente correspondente á solicitude de acceso á información** -copia completa e ordenada - para o seu estudo por parte da Comisión de Transparencia de Galicia.

O informe deberá centrarse na existencia da solicitude, os trámites realizados, as alegacións dirixidas á ese departamento e a información pública obxecto da solicitude tal e como contempla a Lei 1/2016.

Deberá terse en conta que de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, cando exista unha normativa específica reguladora do acceso á información, será esta a que

¹ Artigo 24.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consello de Transparencia e Bo Goberno (art. 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno)

deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para acceder aos documentos que se integren no mesmo. De ser este o caso deberá igualmente indicalo no seu informe.

Indícolle así mesmo, que en aplicación do artigo 24 da Lei 19/2013, se se ten producido denegación do acceso á información, e fose debido á protección de dereitos ou intereses de terceiros deberá advertilo expresamente, con información do seu enderezo, a esta Comisión para que se poida dar trámite de audiencia á persoa que puidera resultar afectada para que alegue o que a seu dereito conveña.

De non recibir resposta no prazo de dez días, e ao abeiro a normativa de aplicación², continuarase a tramitación do expediente.

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)	Firmado digitalmente por 76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C) Fecha: 2024.05.31 09:31:20 +02'00'
--	--

M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia

² Artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas